

**Follas do Cineclub | 18/05/2016**

Cobra Mist

(Cobra Mist, Emily Richardson, Reino Unido, 2008, 6', VO)

*Leccións de escuridade*

(Lektionen in Finsternis, Werner Herzog,

Alemaña-Francia-Reino Unido, 1992, 50', VOSG)

03

Extractos da conferencia do mesmo título que Werner Herzog pronunciou en Milán (Italia) no ano 1992, logo da proxección do seu filme *Leccións de Escuridade (Lektionen in Finsternis, 1992)* co título "On the Absolute, the Sublime and Ecstatic Truth". O texto íntegro publícase por primeira vez en *Arion. A Journal of Humanities and the Classics* (vol., 17.3, Boston University, Winter 2010, pp. 1-12).

A tradución ao castelán foi de Ricardo Ibarlucía en *Diario de Poesía*, Buenos Aires, año 25, No. 84, 2012. Texto íntegro en <http://elangelexterminador.com.ar/articulos-nro.19/herzogtrad.html>

*O colapso do universo estelar sucederá, como a creación, cun grandioso esplendor.*

Blaise Pascal

As palabras atribuídas a Blaise Pascal que serven de prefacio ao meu filme *Leccións de Escuridade (Lektionen in Finsternis, 1992)* realmente son miñas. O mesmo Pascal non podería dicilo mellor. Esta cita falsa e non obstante non falsificada – como demostrarei máis adiante – debe servir como un primeiro sinal do que estou tentando tratar neste discurso. Aínda así, recoñecer unha fraude coma tal só axuda ao triunfo dos especuladores.

Pensarán por que fago tal cousa. A cousa é simple e non nace das consideracións teóricas, senón das máis prácticas. Coa cita de Pascal no cabezal, elevo (*erheben*) ao espectador, mesmo antes de ter visto o primeiro fotograma, a un nivel máis alto, desde o que poda entrar no filme. E eu, o autor do mesmo, non lle deixo baixar desde esa altitude ata que teña finalizado. Só neste estado do Sublime (*Erhabenheit*) vólvese posíbel algo máis profundo, unha caste de verdade que é inimiga do simplemente material. Eu chámolle verdade extática.

Despois da primeira guerra en Irak, mentres ardían os campos de petróleo en Kuwait, os medios de comunicación – e aquí falo da TV particularmente – non estaban en condicións de mostrar o que eran, ademais dun crime de guerra, un acontecemento de dimensións cósmicas, un crime contra a creación mesma. Non hai un só fotograma en *Leccións de Escuridade* onde poidamos recoñecer o noso planeta; por iso mesmo o filme foi catalogado como "ciencia ficción", como se só puidese ter sido rodada nunha galaxia distante, inimiga da vida. Na súa estrea no

Festival de Cinema de Berlín, o filme deu cunha orxía de odio. De todo canto me berraban como animais doentes só entendín "estetización do arrepío". E cando me cuspiron e ameazaron no podio, só respondín cunha palabra banal. "Cretinos", díxenlles, "é o que fixo Dante no seu "Inferno", é o que fixo Goya e tamén Hieronymus Bosch. Ás présas, sen pensalo moito, invocara os anxos da garda que nos familiarizan co absoluto e co sublime (o elevado).

O Absoluto, O Sublime, A Verdade... Que significan estas palabras? Confeso que esta é a primeira vez na miña vida que quero dar conta destas cuestións fóra do meu traballo, que eu vexo máis que nada, baixo termos prácticos.

Quero engadir axiña que non vou ofrecer unha definición do que é o Absoluto, aínda que este concepto estenda a súa sombra sobre o que eu diga. O Absoluto presenta un dilema que nunca acaba para a filosofía, a relixión e as matemáticas. As matemáticas estarán probabelmente máis preto de resolvelo cando alguén finalmente probe a hipótese de Riemann. Esta hipótese fala da distribución dos números primos; sen resposta desde o século XIX, bate nas profundidades do pensamento matemático. Hai un premio de 1.000.000 de dólares para quen a resolva, e un instituto de matemáticas en Boston concedeu mil anos de prazo para que alguén veña cunha proba. Os cartos están agardando, o mesmo que a inmortalidade... Durante dous mil quinhentos anos, xa desde Euclides, esta cuestión preocupa aos matemáticos; se fose que Riemann e a súa brillante hipótese non estaban no certo, habería inimaxinábeis ondas expansivas atravesando todas as disciplinas das matemáticas e das ciencias naturais. Só podo entender moi superficialmente o que é o Absoluto; non estou en condicións de definir o seu concepto.

### O asalto da realidade virtual

(...) Cando vos falo de asaltos á nosa comprensión da realidade, falo das novas tecnoloxías que, nos últimos vinte anos, convertéronse en artigos xerais de uso diario: os efectos especiais dixitais que crean realidades novas e imaxinarias no cinema. Non é que eu queira satanizar estas tecnoloxías; téñenlle permitido á imaxinación humana grandes cousas: por exemplo, reanimar dinosauros de maneira convincente na pantalla. Mais cando consideramos todas as formas posíbeis de realidade virtual que son parte agora da vida cotiá – Internet, os videoxogos, a TV en tempo real e ás veces, tamén, estrañas misturas – a cuestión do que é a realidade "real" preséntase constantemente unha e outra vez.

(...) Hai cousa de dous anos, puiden ver o confuso que é o concepto de realidade, dun xeito estraño, a través dun incidente que ocorreu en Venice Beach en Los Ángeles. Un amigo fixo festa na parte de atrás da súa casa con carne á grella; xa anoitecera cando oímos uns tiros non moi lonxe e ninguén lles fixo caso ata apareceren os helicópteros da policía con reflectores e ordenándonos, polos altofalantes, entrarmos na casa. Decatáramonos do que ocorrera de maneira retrospectiva: un mozo, que

# Sobre o Absoluto, o Sublime e a Verdade Extática

Werner Herzog

as testemuñas describiron de trece ou catorce anos, andara axecendo arredor dun restaurante preto de onde estabamos. Cando saíu unha parella, o mozo berrou “isto é real”, disparoulles cunha semi automática e fuxiu no seu monopatín. Non o colleron nunca. Mais a mensaxe (*Botschaft*) do tolo foi clara: isto de aquí non é un videoxogo, estes tiros son reais, isto é a realidade.

### Verdade Extática

O noso sentido completo da realidade está cuestionado.

Non quero insistir neste feito por máis tempo, xa que a min non me move a realidade, senón unha pregunta que está detrás dela (máis aló): a cuestión da Verdade. Ás veces os feitos exceden tanto as nosas expectativas – teñen un poder tan pouco común, estraño – que parecen incríbeis.

Nas belas artes, na música, a literatura e o cinema, é posíbel chegar a un estrato máis profundo da Verdade: unha verdade poética, extática, que é un misterio e só pode ser captada con esforzo. Un acádaa a través da visión, do estilo e do oficio. Neste contexto, vexo a cita de Blaise Pascal sobre o colapso do universo estelar non coma un falseamento (*Fälschung*), senón coma un medio de facer posíbel unha experiencia extática da Verdade interior máis profunda. Do mesmo xeito no que non hai falsificación cando a *Pietà* de Michelangelo retrata a Xesús coma un home de 33 anos, e a súa nai, a nai de Deus, como fose unha moza de dezasete.

Aínda así, tamén podemos aumentar a nosa habilidade para ter experiencias extáticas da verdade a través do Sublime, que nos fai capaces de elevármonos por riba da Natureza.

## CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAI  
2016

### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
① cineclubedecompostela.blogaliza.org  
facebook.com/cineclubedecompostela  
@ cineclubedecompostela@gmail.com

### PROYECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)  
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

### Mércores 4

*Demasiado pronto/  
Demasiado tarde*  
(Trop tôt/Trop tard, Jean-Marie Straub e Danièle Huillet, Francia-Exipto, 1982, 100', VOSG)

### Mércores 11

*Vida cotiá nunha aldea siria*  
[Al hayatt  
al yawmiyah fi quariah suriyah],  
Omar Amiralay,  
Siria, 1974, 83', VOSG)

### Mércores 18

*Cobra Mist*  
(Cobra Mist, Emily Richardson, Reino Unido, 2008, 6', VO)  
*Leccións de escuridade*  
(Lektionen in Finsternis, Werner Herzog, Alemaña-Francia-Reino Unido, 1992, 50', VOSG)

### Mércores 25

*Walsed*  
(Walsed, Alberte Pagán, Galiza, 2014, 4', VO)  
*Frank* (Frank, Alberte Pagán, Galiza, 2015, 65', VO).

**Estrea. Coa presenza do director.**